

Denominación do posto ofertado en Comisión de Servizos:

Xefatura de Negociado de Patrimonio (PF000235)

Informe motivado coas valoracións dos/das aspirantes por orde de prelación (*encha máis de 1 folia, se for necesario*):

Criterios/aspirantes	Apelidos, nome e nº de orde da proposta:	Apelidos, nome e nº de orde da proposta:	Apelidos, nome e nº de orde da proposta:
	Fernández Gómez, María del Carmen (1)		
Méritos achegados polo/a aspirante <u>valorados como prioritarios</u> pola súa adecuación para o desempeño do posto	Case dez anos de experiencia como auxiliar administrativa (concretamente nove anos, oito meses e vinte e dous días) na propia Universidade de Santiago de Compostela. Segundo o punto número 1 do procedemento para a adxudicación de comisións de servizos, o primeiro criterio de selección é o coñecemento do traballo a desenvolver no posto de destino. A candidata estivo desempeñando funcións administrativas en diversos servizos da Universidade de Santiago de Compostela dende o 1 de xullo de 2015, e concretamente no propio Negociado de Patrimonio, do Servizo de Contratación e Patrimonio, dende o pasado 1 de agosto ata a actualidade. Durante estes períodos adquiriu experiencia e asumiu responsabilidades en diversas funcións que teñen moita relación coas específicas do posto solicitado. O resto de criterios establecidos no dito apartado 1 non é preciso avalialos, ao verificarse na candidata suficiente cumprimento do primeiro criterio, e non producirse empate con outras persoas.		
Outras evidencias sobre a idoneidade da proposta	Exerceu ademais outras funcións como persoal laboral na Universidade de Santiago de Compostela, en diversos postos e períodos, durante máis de sete anos, o que abunda no coñecemento das peculiaridades da institución e o traballo a desenvolver nela. Dende o ano 2000 ata a actualidade, leva realizado setenta cursos de formación en diversos ámbitos, dos que parte deles teñen que ver co coñecemento do traballo que deberá desenvolver no posto de destino solicitado.		

Aspirante proposto/a para ocupar o posto:

María del Carmen Fernández Gómez



(Sinatura)

